

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15018148	CPI de Atios	Valdoviño	2024/2025

## Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Matemáticas	2º Pri.	5	175

## Réxime

Réxime xeral-ordinario

<b>Contido</b>	<b>Páxina</b>
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	4
4.1. Concrecións metodolóxicas	13
4.2. Materiais e recursos didácticos	13
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	14
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	14
6. Medidas de atención á diversidade	15
7.1. Concreción dos elementos transversais	16
7.2. Actividades complementarias	16
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	17
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	17
9. Outros apartados	18

## 1. Introducción

Esta programación elabórase a partir do DECRETO 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia. Pero nesta programación tense en conta a realidade educativa do noso centro, as características do alumnado e a súa contorna. Na medida do posible, procurárase unha atención individualizada adaptándose ao ritmo particular de cada alumno/a, traballando en colaboración das familias.

O CPI de Atios sitúase no Concello de Valdoviño e a el asisten 525 alumnos e alumnas aproximadamente, que proceden das diferentes parroquias que conforman o concello, así como doutros concellos limítrofes. Atendendo á realidade sociolingüística, pódese concluír que a lingua materna da maioría do alumnado é o castelán, polo que se pretende favorecer, ademais dunha competencia do alumnado na súa lingua materna, tamén o uso da lingua galega e o inglés, tendo en conta a lexislación vixente ao respecto. No que respecta ao 1º e 2º curso de EP existen dúas liñas en cada un dos cursos, nos que hai alumnado que precisa de apoio, tanto por parte do profesorado como dos especialistas de PT e AL.

Neste Centro imos traballar as Matemáticas co Libro de texto de Editorial Vicens Vives (“COMUNIDAD ZOOM”). Completaremos con actividades de reforzo e ampliación (fichas ou libreta de MT) segundo as necesidades do alumnado.

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Interpretar situacións da vida cotiá proporcionando unha representación matemática destas mediante conceptos, ferramentas e estratexias, para analizar a información máis relevante.			1-2-4	2	5		1-3	4
OBX2 - Resolver situacións problematizadas, aplicando diferentes técnicas, estratexias e formas de razoamento, para explorar distintas maneiras de proceder, obter solucións e asegurar a súa validez desde un punto de vista formal e en relación co contexto exposto.			1-2		4-5		3	
OBX3 - Explorar, formular e comprobar conxecturas sinxelas ou formular problemas de tipo matemático en situacións baseadas na vida cotiá, de forma guiada, recoñecendo o valor do razoamento e a argumentación, para contrastar a súa validez, adquirir e integrar novo coñecemento.	1		1-2	1-3-5			3	
OBX4 - Utilizar o pensamento computacional, organizando datos, descompoñendo en partes, recoñecendo patróns, xeneralizando e interpretando, modificando e creando algoritmos de forma guiada, para modelizar e automatizar situacións da vida cotiá.			1-2-3	1-3-5			3	
OBX5 - Recoñecer e utilizar conexións entre as diferentes ideas matemáticas, así como identificar as matemáticas noutras áreas ou na vida cotiá, interrelacionando conceptos e procedementos, para interpretar situacións e contextos diversos.			1-3	3-5		4		1

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX6 - Comunicar e representar, de forma individual e colectiva, conceptos, procedementos e resultados matemáticos, utilizando a linguaxe oral, escrita, gráfica, multimodal e a terminoloxía matemática apropiadas, para dar significado e permanencia ás ideas matemáticas	1-3		2-4	1-5			3	4
OBX7 - Desenvolver destrezas persoais que axuden a identificar e xestionar emocións ao enfrontarse a retos matemáticos, fomentando a confianza nas propias posibilidades, aceptando o erro como parte do proceso de aprendizaxe e adaptándose ás situacións de incerteza, para mellorar a perseveranza e gozar na aprendizaxe das matemáticas.			5		1-4-5		2-3	
OBX8 - Desenvolver destrezas sociais, recoñecendo e respectando as emocións, as experiencias das e dos demais e o valor da diversidade, participando activamente en equipos de traballo heteroxéneos, mixtos e diversos con roles asignados, para construír unha identidade positiva como estudante de matemáticas, fomentar o benestar persoal e crear relacións saudables.	5	3	3		1-3	2-3		

**Descrición:**

**3.1. Relación de unidades didácticas**

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Libro MT 1º Trimestre	Numeración ata o 499. Centena. Sumas con levadas, Problemas	30	68	X		
2	Libro MT 2º Trimestre	Numeración ata o 999. Sumas e restas con levadas. Resolución problemas...	30	52		X	
3	Libro MT 3º Trimestre	Repaso numeración. Reloxo. Euros. Sumas e restas. Inicio multiplicación. Resolución problemas	40	55			X

**3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas**

UD	Título da UD	Duración
1	Libro MT 1º Trimestre	68

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.4 - Empregar algunhas estratexias adecuadas na resolución de problemas.	Aplica os pasos traballados na clase na resolución de problemas.	TI	100
CA1.8 - Recoñecer as matemáticas presentes na vida cotiá e noutras áreas, establecendo conexións sinxelas entre elas.	Participa nas actividades.		
CA2.4 - Dar exemplos de problemas a partir de situacións cotiás que se resolven matematicamente.	Participa nas actividades de clase.		
CA2.6 - Recoñecer as matemáticas presentes na vida cotiá e noutras áreas, establecendo conexións sinxelas entre elas.	Participa nas actividades de clase.		
CA4.1 - Recoñecer as emocións básicas propias ao abordar novos retos matemáticos, pedindo axuda só cando sexa necesario.	Pide axuda cando o necesita.		
CA4.2 - Proporcionar exemplos de representacións de situacións problematizadas sinxelas con recursos manipulativos e gráficos que axuden na resolución dun problema da vida cotiá.	Participa nas actividades de clase.		
CA4.6 - Describir rutinas e actividades sinxelas da vida cotiá que se realicen paso a paso, utilizando principios básicos do pensamento computacional de forma guiada.	Participa nas actividades de clase.		
CA5.1 - Expresar actitudes positivas ante novos retos matemáticos, valorando o erro como unha oportunidade de aprendizaxe.	Ten unha actitude positiva ante o traballo na clase.		
CA5.5 - Recoñecer as matemáticas presentes na vida cotiá e noutras áreas, establecendo conexións sinxelas entre elas.	Participa nas actividades.		
CA6.1 - Recoñecer as emocións básicas propias ao abordar novos retos matemáticos, pedindo axuda só cando sexa necesario.	Pide axuda cando o necesita.		
CA6.2 - Expresar actitudes positivas ante novos retos matemáticos, valorando o erro como unha oportunidade de aprendizaxe.	Ten unha actitude positiva ante o traballo na clase.		
CA6.5 - Realizar conxecturas matemáticas sinxelas investigando patróns, propiedades e relacións de forma guiada.	Participa nas actividades de clase.		
CA6.6 - Recoñecer conexións entre os diferentes elementos matemáticos aplicando coñecementos e experiencias propios.	Participa nas actividades de clase.		
CA6.7 - Recoñecer as matemáticas presentes na vida cotiá e noutras áreas, establecendo conexións sinxelas entre elas.	Participa nas actividades de clase.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

## Contidos

- Sentido das operacións
- Resolución de problemas da vida cotiá que impliquen a comprensión da utilidade das sumas e restas con uso guiado dos procesos adecuados.
- Relacións
- Identificación, representación e uso dos números pares e impares en contextos cotiáns, investigando propiedades e relacións de forma guiada.
- Magnitude
- Identificación e exemplificación de características mensurables dos obxectos (lonxitude, masa, capacidade, temperatura), distancias e tempos mediante a observación da realidade próxima.
- Recoñecemento de unidades non convencionais e convencionais (metro, centímetro, quilogramo, gramo, litro) para realizar medicións adecuadas en situacións cotiás.
- Medición
- Experimentación individual e en equipo con unidades non convencionais presentes no seu contexto cotián e utilización de recursos dispoñibles variados para medir, comparar, atopar equivalencias e diferenzas.
- Medición individual e en equipo con instrumentos non convencionais e convencionais (regras, cintas métricas, balanzas, xerras graduadas, calendarios, reloxos, termómetros) para resolver problemas cotiáns e achegarse á medición eficaz (selección do instrumento, precisión na medida e uso correcto de unidades) con explicación verbal e gráfica do proceso seguido.
- Patróns
- Estratexias para a identificación das regularidades nunha colección ou secuencia de números, figuras ou imaxes en situacións cotiás, con descrición oral e extensión da secuencia.
- Pensamento computacional
- Interpretación de algoritmos sinxelos en situacións cotiás (rutinas diarias, instrucións por pasos ou fases ordenadas) co uso guiado de estratexias.
- Organización e análise de datos
- Representación de datos da vida cotiá (temporais, meteorolóxicos, persoais, físicos e escolares), logo da observación e reconto, con gráficas sinxelas (barras, pictogramas) e recursos tanto non convencionais (obxectos cotiáns, imaxes, regretas, policubos, encaixables, pezas de construción, bloques...) como convencionais e tecnolóxicos para comunicalos.
- Crenzas, actitudes e emocións
- Expresión oral, gráfica ou escrita das propias emocións ante as matemáticas para identificalas e atopar fórmulas persoais de xestión.
- Técnicas de xestión das emocións ante as matemáticas: escenificación, autocontrol e adestramento positivo para regular a frustración.
- Orde, claridade e limpeza como actitude que cómpre desenvolver no traballo matemático cotián.

UD	Título da UD	Duración
2	Libro MT 2º Trimestre	52

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.5 - Obter posibles solucións a problemas, de forma guiada, aplicando estratexias básicas de resolución.	Aplica os pasos traballados na clase na resolución de problemas.	TI	100
CA2.1 - Aceptar a tarefa e o rol asignado no traballo en equipo, cumprindo coas responsabilidades individuais e contribuíndo á consecución dos obxectivos do grupo.	Acepta e cumpre o traballo asignado no grupo.		
CA2.2 - Obter posibles solucións a problemas, de forma guiada, aplicando estratexias básicas de resolución.	Aplica os pasos traballados na clase na resolución de problemas.		
CA2.5 - Recoñecer conexións entre os diferentes elementos matemáticos aplicando coñecementos e experiencias propios.	Participa nas actividades.		
CA3.2 - Empregar algunhas estratexias adecuadas na resolución de problemas.	Aplica os pasos traballados na clase na resolución de problemas.		
CA3.4 - Describir rutinas e actividades sinxelas da vida cotiá que se realicen paso a paso, utilizando principios básicos do pensamento computacional de forma guiada.	Participa nas actividades.		
CA3.6 - Recoñecer as matemáticas presentes na vida cotiá e noutras áreas, establecendo conexións sinxelas entre elas.	Participa nas actividades.		
CA3.7 - Recoñecer linguaxe matemática sinxela presente na vida cotiá, adquirindo un vocabulario específico básico.	Participa nas actividades.		
CA4.3 - Empregar algunhas estratexias adecuadas na resolución de problemas.	Aplica os pasos traballados na clase na resolución de problemas.		
CA4.4 - Obter posibles solucións a problemas, de forma guiada, aplicando estratexias básicas de resolución.	Participa nas actividades de clase.		
CA4.9 - Explicar ideas e procesos matemáticos sinxelos, os pasos seguidos na resolución dun problema ou os resultados matemáticos de forma verbal ou gráfica.	Explica os pasos seguidos na resolución das actividades.		
CA5.2 - Comprender as preguntas formuladas a través de diferentes estratexias ou ferramentas, recoñecendo a información contida en problemas da vida cotiá.	Comprende a información dos problemas.		
CA5.6 - Recoñecer linguaxe matemática sinxela presente na vida cotiá, adquirindo un vocabulario específico básico.	Participa nas actividades.		
CA5.7 - Explicar ideas e procesos matemáticos sinxelos, os pasos seguidos na resolución dun problema ou os resultados matemáticos de forma verbal ou gráfica.	Explica os pasos seguidos na resolución das actividades.		
CA6.3 - Participar respectuosamente no traballo en equipo, establecendo relacións saudables baseadas no respecto, a igualdade e a resolución pacífica de conflitos.	Participa nas actividades de clase respectando aos compañeiros.		

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA6.4 - Aceptar a tarefa e rol asignados no traballo en equipo, cumprindo coas responsabilidades individuais e contribuíndo á consecución dos obxectivos do grupo.	Acepta e cumpre o traballo asignado no grupo.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Sentido das operacións</li> <li>- Procesos para a resolución de problemas: interpretación e representación da situación, determinación de datos útiles, formulación de hipóteses de resolución e proposta de plan, contraste de puntos de vista, elaboración con flexibilidade e sentido, expresión da solución, verificación e idoneidade dos resultados, expresión ordenada destes e explicitación do proceso seguido.</li> <li>- Formulación de problemas que se resolvan con operacións de suma e resta baseados en situacións habituais que permitan establecer conexións con experiencias propias.</li> <li>- Relacións</li> <li>- Magnitude</li> <li>- Medición</li> <li>- Figuras xeométricas de dúas e tres dimensións</li> <li>- Análise, comparación e descrición de obxectos cotiáns e elementos destes, así como de imaxes, cun vocabulario xeométrico básico referido a figuras (triángulo, cadrado, rectángulo, rombo e círculo), os seus elementos (lados, ángulos e vértices) e as súas propiedades.</li> <li>- Construción individual e en equipo de figuras xeométricas, logo da análise, exploración e recoñecemento de regularidades e propiedades; composición e descomposición manipulativas con recursos funxibles, non funxibles como pezas de construción, bloques, mecanos, xeoplanos, tangram, xogos de figuras e ferramentas dixitais.</li> <li>- Experimentación a partir da composición e descomposición de figuras planas para formar outras, mediante materiais manipulables (xeoplanos, bloques xeométricos, tangram) e ferramentas dixitais, con explicación do proceso seguido e demostrando curiosidade por descubrir relacións, propiedades e patróns con perseveranza ante os retos.</li> <li>- Observación, manipulación e xogo para a identificación de simetrías en figuras xeométricas sinxelas e compleción de figuras simétricas.</li> <li>- Localización e sistemas de representación</li> <li>- Localización e posicións no espazo físico cotián a través do xogo: descrición, interpretación e representación da posición de obxectos e persoas en espazos concretos, relacións espaciais e desprazamentos.</li> <li>- Visualización, razoamento e modelización xeométrica</li> <li>- Modelo matemático</li> <li>- Modelización guiada do proceso de resolución de problemas en equipo con debuxos, pictogramas, esquemas, diagramas, manipulables, dramatizacións para a súa comprensión, recoñecemento de datos, elaboración e contraste de hipótese, procura do procedemento adecuado, comprobación de solucións e verbalización ou explicación do realizado.</li> <li>- Organización e análise de datos</li> <li>- Resolución de problemas cotiáns, familiares e próximos en equipo co emprego de estratexias sinxelas para a recollida, clasificación, recuento de datos cualitativos e cuantitativos en mostras pequenas e representación dos datos obtidos no recuento mediante gráficos estatísticos simples e recursos tradicionais manipulables e tecnolóxicos.</li> </ul>



Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Crenzas, actitudes e emocións</li> <li>- Traballo en equipos: inclusión, respecto e diversidade</li> <li>- Actitude crítica no propio traballo en equipo ante actitudes non inclusivas e discriminatorias durante a realización das tarefas matemáticas.</li> <li>- Estratexias guiadas de planificación, control e organización do traballo en equipos para xestionar o tempo, a realización das tarefas e a repartición equitativa e rotatoria de roles en interacción simultánea.</li> <li>- Contribución das matemáticas aos distintos ámbitos do coñecemento humano desde unha perspectiva de xénero.</li> <li>- Recoñecemento de mulleres e homes no ámbito matemático e a súa contribución a ámbitos do saber como mecanismo de construción dunha identidade positiva propia.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
3	Libro MT 3º Trimestre	55

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Participar respectuosamente no traballo en equipo, establecendo relacións saudables baseadas no respecto, a igualdade e a resolución pacífica de conflitos.	Participa nas actividades de clase respectando aos compañeiros.	TI	100
CA1.2 - Comprender as preguntas formuladas a través de diferentes estratexias ou ferramentas, recoñecendo a información contida en problemas da vida cotiá.	Comprende a información dos problemas.		
CA1.3 - Proporcionar exemplos de representacións de situacións problematizadas sinxelas con recursos manipulativos e gráficos que axuden na resolución dun problema da vida cotiá.	Participa nas actividades.		
CA1.6 - Realizar conxecturas matemáticas sinxelas, investigando patróns, propiedades e relacións de forma guiada.	Participa nas actividades.		
CA1.7 - Empregar ferramentas tecnolóxicas adecuadas, de forma guiada, no proceso de resolución de problemas.	Participa nas actividades.		
CA1.9 - Explicar ideas e procesos matemáticos sinxelos, os pasos seguidos na resolución dun problema ou os resultados matemáticos de forma verbal ou gráfica.	Explica os pasos seguidos na resolución das actividades.		
CA2.3 - Describir verbalmente a idoneidade das solucións dun problema a partir das preguntas previamente formuladas	Participa nas actividades.		
CA2.7 - Recoñecer linguaxe matemática sinxela presente na vida cotiá, adquirindo un vocabulario específico básico.	Participa nas actividades.		

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA2.8 - Explicar ideas e procesos matemáticos sinxelos, os pasos seguidos na resolución dun problema ou os resultados matemáticos de forma verbal ou gráfica.	Explica os pasos seguidos na resolución das actividades.		
CA3.1 - Participar respectuosamente no traballo en equipo, establecendo relacións saudables baseadas no respecto, a igualdade e a resolución pacífica de conflitos.	Participa nas actividades de grupo respectando aos compañeiros.		
CA3.3 - Realizar conxecturas matemáticas sinxelas investigando patróns, propiedades e relacións de forma guiada.	Participa nas actividades.		
CA3.5 - Recoñecer conexións entre os diferentes elementos matemáticos, aplicando coñecementos e experiencias propios.	Participa nas actividades.		
CA3.8 - Explicar ideas e procesos matemáticos sinxelos, os pasos seguidos na resolución dun problema ou os resultados matemáticos de forma verbal ou gráfica.	Explica os pasos seguidos na resolución das actividades.		
CA4.5 - Realizar conxecturas matemáticas sinxelas investigando patróns, propiedades e relacións de forma guiada.	Participa nas actividades.		
CA4.7 - Empregar ferramentas tecnolóxicas adecuadas, de forma guiada, no proceso de resolución de problemas.	Participa nas actividades.		
CA4.8 - Recoñecer conexións entre os diferentes elementos matemáticos aplicando coñecementos e experiencias propios.	Participa nas actividades.		
CA5.3 - Empregar algunhas estratexias adecuadas na resolución de problemas.	Aplica os pasos traballados na clase na resolución de problemas.		
CA5.4 - Obter posibles solucións a problemas, de forma guiada, aplicando estratexias básicas de resolución.	Participa nas actividades.		
CA6.8 - Explicar ideas e procesos matemáticos sinxelos, os pasos seguidos na resolución dun problema ou os resultados matemáticos de forma verbal ou gráfica.	Explica os pasos seguidos na resolución das actividades.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Contaxe</li> <li>- Estratexias para contar e recontar a partir da vivencia, manipulación e representación en situacións cotiás con cantidades ata o 999 con explicación dos procesos.</li> <li>- Realización de series ascendentes e descendentes de números de forma manipulativa, simbólica e tecnolóxica (calculadora) a partir dun número dado como introdución ao cálculo mental e a outras operacións, con valoración do erro como unha oportunidade de aprendizaxe.</li> <li>- Cantidade</li> <li>- Identificación, lectura, escritura e representación (recta numérica, ábaco, bloques multibase e outros materiais manipulativos) de números naturais ata o 999.</li> </ul>

## Contidos

- Composición, descomposición e recomposición de números naturais en contextos cotiáns ata 999 investigando propiedades e relacións, con explicación do proceso seguido.
- Representación dunha mesma cantidade ata 999 de forma manipulativa, gráfica e numérica segundo requira cada situación, reto ou problema da vida cotiá.
- Estimación razoada de cantidades ata o 999 en problemas cotiáns con estratexias variadas, descrición da idoneidade das solucións e aceptación do erro como parte do proceso de mellora.
- Sentido das operacións
- Estratexias de cálculo mental de sumas e restas con números naturais ata o 999 en contextos significativos, con explicación oral das estratexias desenvoltas, iniciación na autorregulación do proceso e valoración do erro como parte da aprendizaxe.
- Agrupacións manipulativas e gráficas de cantidades repetidas (2, 3, 4, 5 e 10), con investigación dos patróns para introducir a multiplicación en contextos habituais.
- Uso de calculadora como recurso para verificar os resultados de operacións realizadas en problemas, unha vez establecida a idoneidade do proceso.
- Relacións
- Sistema de numeración de base dez para a súa aplicación na comprensión do valor posicional das cifras dos números (ata o 999) e a súa aplicación nas operacións de suma e resta.
- Comparación e ordenación de números cardinais (ata o 999) e ordinais (ata o 10<sup>º</sup>) como solución de problemas de situacións cotiás.
- Estratexias variadas manipulativas, gráficas e con calculadora para relacionar as operacións de suma e resta aplicadas a contextos cotiáns.
- Educación financeira
- Resolución individual e en equipo de problemas sinxelos da vida diaria nos que se manexen prezos de obxectos cotiáns e se empreguen, relacionadas con eses prezos, moedas e billetes de euro, ademais das súas equivalencias.
- Elaboración e representación de problemas nos que sexa necesario empregar e administrar o diñeiro.
- Aproximacións e estimacións en situacións simuladas de compra e venda, contraste da validez de cada estratexia, así como das súas vantaxes e inconvenientes.
- Magnitude
- Identificación e exemplificación de características mensurables dos obxectos (lonxitude, masa, capacidade, temperatura), distancias e tempos mediante a observación da realidade próxima.
- Recoñecemento de unidades non convencionais e convencionais (metro, centímetro, quilogramo, gramo, litro) para realizar medicións adecuadas en situacións cotiás.
- Identificación, ordenación, clasificación e uso das unidades de medida do tempo (ano, estación, mes, semana, día e hora) en situacións habituais.
- Construción dun modelo de reloxo analóxico con materiais sinxelos como recurso para coñecer a relación entre os seus elementos, así como a representación das medidas temporais presentes.
- Lectura da hora (en punto, medias e cuartos) en reloxos analóxicos e dixitais de forma contextualizada.
- Utilización das medidas de tempo (minutos e segundos) na xestión das emocións (tempo de espera, tempo de calma e relax, quendas de intervención), na planificación do traballo escolar e no relato de experiencias persoais (secuencias temporais).
- Medición
- Experimentación individual e en equipo con unidades non convencionais presentes no seu contexto cotián e utilización de recursos dispoñibles variados para medir, comparar, atopar equivalencias e diferenzas.
- Medición individual e en equipo con instrumentos non convencionais e convencionais (regras, cintas métricas, balanzas, xerras graduadas, calendarios, reloxos, termómetros) para resolver problemas cotiáns e achegarse á

## Contidos

- medición eficaz (selección do instrumento, precisión na medida e uso correcto de unidades) con explicación verbal e gráfica do proceso seguido.
- Estimación e relacións
- Experimentación (comparación, ordenación, composición, descomposición) e expresión oral, gráfica ou iconográfica e escrita das equivalencias entre quilo, medio quilo e cuarto quilo ou entre litro, medio litro e cuarto litro.
- Estimación de medidas (distancias, alturas, masas, capacidades, tempos, temperatura) por comparación directa con outras medidas en contextos de resolución de problemas cotiáns, análises de acertos e erros como parte do proceso de aprendizaxe.
- Figuras xeométricas de dúas e tres dimensións
- Localización e sistemas de representación
- Interpretación, descrición e deseño de esbozos relacionados con itinerarios en espazos habituais, análises e comparación das producións en equipo, reelaboración individual con valoración do erro como mecanismo de mellora e explicación do proceso con vocabulario de posición (arriba, abaixo, diante, detrás, entre, preto, lonxe, máis preto que, menos preto que, máis lonxe que, menos lonxe que, próximo, afastado, á beira) e de elementos xeométricos básicos.
- Visualización, razoamento e modelización xeométrica
- Resolución en equipo de problemas da vida cotiá relacionados cos outros sentidos matemáticos mediante modelos xeométricos, con elaboración de hipóteses sinxelas, explicación do significado dos datos, contraste dos resultados obtidos e indicación do proceso seguido.
- Recoñecemento de elementos, figuras e relacións xeométricas na arte, a linguaxe oral, a contorna físico-natural, os xogos e planos do seu contexto próximo.
- Relacións e funcións
- Comparación entre expresións que inclúan obxectos, números e operacións con explicación das relacións de igualdade e desigualdade no contexto cotián e o uso da simboloxía adecuada  $=$  e  $?$ .
- Obtención de datos descoñecidos nunha relación de equivalencia ou igualdade con perseveranza, explicación do proceso, contraste e comprobación de que o dato obtido é correcto.
- Organización e análise de datos
- Lectura e interpretación de datos en representacións gráficas sinxelas para resolver problemas significativos.
- Incerteza
- Distinción, nun ámbito lúdico e cotián, entre suceso posible e imposible e utilización adecuada deses termos.
- Crenzas, actitudes e emocións
- Promoción de preguntas e pequenas investigacións matemáticas como estratexias para fomentar a curiosidade e iniciativa na súa aprendizaxe.
- Os xogos matemáticos individuais en formato dixital, impreso e manipulativo como adestramento da perseveranza, confianza nas propias posibilidades e a superación persoal.
- Os enigmas, adiviñas e retos matemáticos para incrementar a creatividade, curiosidade e gusto polas matemáticas.
- Traballo en equipos: inclusión, respecto e diversidade
- Os equipos colaborativos e cooperativos para clarificar tarefas, debater propostas, chegar a acordos, analizar producións: responsabilidade individual, interdependencia positiva, respecto polas contribucións de todas as persoas membros do equipo.

#### 4.1. Concrecións metodolóxicas

Remitímonos ás liñas de actuación reflectidas no currículo, as cales se levarán a cabo ao longo do curso.

Neste Centro:

- Poñerese especial énfase na atención a diversidade do alumnado, na atención individualizada, na prevención de dificultades de aprendizaxe e na posta en práctica de mecanismos de reforzo tan pronto como se detecten esas dificultades.
- A metodoloxía didáctica será fundamentalmente comunicativa, inclusiva, activa e participativa e dirixida ao logro dos obxectivos e das competencias clave.
- A acción educativa procurará a integración das distintas experiencias e aprendizaxes do alumnado e terá en conta os seus diferentes ritmos e estilos de aprendizaxe, favorecendo a capacidade de aprender por si mesmo e promovendo o traballo cooperativo e en equipo.
- A lectura constitúe un factor fundamental para o desenvolvemento das competencias clave; é de especial relevancia o desenvolvemento de estratexias de comprensión lectora de todo tipo de textos e imaxes, en calquera formato e soporte.
- Os mecanismos de reforzo, que deberán poñerse en práctica tan pronto como se detecten dificultades de aprendizaxe, poderán ser tanto organizativos como curriculares.
- Para unha adquisición eficaz das competencias e a súa integración efectiva no currículo, deberán deseñarse actividades de aprendizaxe integradas que lle permitan ao alumnado avanzar cara aos resultados de aprendizaxe de máis dunha competencia ao mesmo tempo. Dende a área de lingua galega e lingua castelá colaborárase no desenvolvemento dos proxectos.
- Teranse en conta as ferramentas dixitais dispoñibles no centro potenciando o seu uso e espírito crítico.

#### 4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Recursos matemáticos
Recursos lingüísticos
Xogos didácticos.
Tecnoloxías da información e comunicación.
Outros materiais e espazos do centro.
Recursos persoais.

- Recursos matemáticos: Empregarase o libro de textos así como materiais manipulativos.
- Recursos lingüísticos: Entre outros empregaranse diferentes tipoloxías textuais de uso social.
- Xogos didácticos: empregaranse material lúdico para reforzar as aprendizaxes.
- Tecnoloxías da información e comunicación: Destaca a pantalla interactiva, que servirá para complementar as explicacións, acceder a información, realizar xogos educativos... A aula virtual poderase empregar tamén en caso necesario.
- Outros materiais e espazos do centro: A maiores do material da aula, existen outros recursos materias no centro (na biblioteca, dotación de Polos creativos, materiais de laboratorio...) dos que se poderá facer uso. Teranse en conta tamén outros espazos fóra da aula e incluso do centro que favorecerán o proceso de ensino aprendizaxe, como o patio, os corredores, a biblioteca, museos, a contorna...
- Recursos persoais: O profesorado con dispoñibilidade horaria, os especialistas de PT e/ou Audición e Linguaxe, así como outros especialistas de aula, DO e mesmo recursos externos ao centro (gabinetes psicopedagóxicos...) son tamén fundamentais, ademais de necesaria unha coordinación con eles.

## 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Durante o mes de setembro e ata unha semana antes da Avaliación Inicial iremos traballando na Unidade 1 do Libro de texto e recolleremos datos para a avaliación inicial do noso alumnado.

Prestamos especial atención á integración no grupo do alumnado de nova incorporación.

O que máis nos interesa é localizar o nivel de lectoescritura no que se atopan e a actitude e participación nas actividades propostas.

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

### Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	30	30	40	100
Táboa de indicadores	100	100	100	100

### Criterios de cualificación:

Todos os CA da presente PD serán avaliados por diferentes tipos de táboas de indicadores, sobre todo por rexistros de observación directa por parte do profesorado.

A nota trimestral, segundo as UD repartirase así:

- 1º Trimestre: UD1 100%
- 2º Trimestre: UD2 100%
- 3º Trimestre: UD3 100%

O 100% da nota da avaliación final obterase do xeito seguinte:

- 1º Trimestre: 30%
- 2º Trimestre: 30%
- 3º Trimestre: 40%

Cando a cualificación sexa unha cifra con decimais aplicarase o seguinte:

- a) Se os decimais non pasan de 49 a nota será o mesmo número sen decimais.
- b) Se os decimais pasan de 49 a nota será o número enteiro seguinte.

En calquera caso, se por análise da Xunta de Avaliación argumentábase que pola progresión do alumnado e atendendo a razóns pedagóxicas, non procede aplicar o anterior, prevalecerá sempre a decisión tomada na Sesión de Avaliación.

### Criterios de recuperación:

O alumnado que non tivese acadado os mínimos de consecución de cada CA ó final de cada UD poderá recuperalos no seguinte trimestre.

En cada avaliación informarase aos pais/titores legais do alumnado dos resultados obtidos, especificando aqueles mínimos que precisa acadar.

Segundo o disposto no Decreto 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria en Galicia, "o alumnado que acade a promoción de curso con algunha área con cualificación negativa recibirá os apoios necesarios para recuperar as aprendizaxes que non alcanzase o curso anterior". Igualmente, o proceso de reforzo farase efectivo no momento no que se aprecien dificultades por parte do alumnado. Este reforzo realizarase con profesorado con dispoñibilidade horario e, de ser necesario, co profesorado especialista en Pedagogía Terapéutica e/ou Audición e Linguaxe se así se valora nas sesións de avaliación por parte do profesorado e do Departamento de Orientación.

## 6. Medidas de atención á diversidade

As medidas de atención á diversidade que se terán en conta para o presente curso escolar son as que veñen determinadas pola Orde do 8 de setembro de 2021, pola que se desenvolve o Decreto 229/2011 que regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes de Galicia. Entendemos por medidas de atención á diversidade as actuacións, estratexias e/ou programas destinados a proporcionar unha resposta axustada ás necesidades educativas do alumnado. Estas medidas clasifícanse en ordinarias e extraordinarias e estarán recollidas no Plan Xeral de Atención á Diversidade (PXAD) e nas concrecións anuais de dito plan.

Tal e como se recolle no artigo 8 do Decreto 229/2011, considéranse medidas ordinarias de atención á diversidade todas as que faciliten a adecuación do currículo prescritivo, sen alteración significativa dos seus obxectivos, dos contidos non dos criterios de avaliación, ao contexto sociocultural dos centros docentes e ás características do alumnado. Entre as medidas de carácter ordinario que se poderán desenvolver están as que a continuación se detallan:

- A adecuación da estrutura organizativa do centro, e da organización e a xestión da aula ás características do alumnado.
- A adecuación das programacións didácticas ao alumnado e ás circunstancias do seu contorno. - Metodoloxías baseadas no traballo colaborativo en grupos heteroxéneos, tutoría entre iguais, aprendizaxe por proxectos e outras que promovan a inclusión.
- Adaptación dos tempos, dos instrumentos e dos procedementos de avaliación.
- Reforzo educativo e apoio do profesorado con dispoñibilidade horaria.
- Programas de enriquecemento curricular.
- Programas de habilidades e competencias sociais.

De conformidade co artigo 9 do Decreto 229/2011, considéranse medidas extraordinarias de atención á diversidade todas as dirixidas a dar resposta ás necesidades educativas do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo que poden requirir modificacións significativas do currículo ordinario e/ou supor cambios esenciais no ámbito organizativo, así como, de ser o caso, nos elementos de acceso ao currículo ou na modalidade de escolarización. Aplicaranse logo de esgotadas as de carácter ordinario ou por resultaren estas insuficientes. Entre as medidas de carácter extraordinario que se poderán desenvolver están as que a continuación se detallan:

- Adaptacións curriculares.
- Apoio do profesorado especialista en Pedagogía Terapéutica e/ou en Audición e Linguaxe.
- Flexibilización da duración do período de escolarización.
- Atención educativa ao alumnado que presenta dificultades para unha asistencia continuada a un centro docente.
- Atención educativa ao alumnado sometido a medidas de protección e tutela.
- Atención educativa ao alumnado afectado por medidas de violencia de xénero e/ou acoso escolar. - Atención educativa ao alumnado pertencente a familias itinerantes.
- Atención educativa ao alumnado procedente do estranxeiro.
- Grupos de adquisición de linguas.

Esta escolma de medidas de atención á diversidade é un reflexo daquelas que se poderán desenvolver nalgún momento da etapa, mais non teñen porque desenvolverse todas elas de non darse as circunstancias que se contemplan na lexislación pertinente. Estas medidas son susceptibles de seren ampliadas no caso de ser necesarias para a inclusión educativa do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.

E posto que non todo o alumnado aprende da mesma forma e ao mesmo ritmo, faranse actividades a distinto nivel, como por exemplo as seguintes:

- Actividades programadas para todo o grupo.
- Actividades de reforzo para o alumnado cun ritmo lento e baixa comprensión.
- Actividades de ampliación para o alumnado cunha aprendizaxe máis rápida.
- Xogos/Recantos/Actividades adicionais para aquel alumnado que remata antes as tarefas da clase.

Porase énfase na detección temperá do alumnado que requira unha atención educativa diferente á ordinaria. Así, tan rápido como se detecten dificultades específicas de aprendizaxe porase en coñecemento do Departamento de Orientación para decidir e organizar as medidas oportunas (Reforzo educativo, ACI, apoio PT...).

No caso de alumnado con altas capacidades deseñaranse actividades de ampliación seguindo as indicacións do Departamento de Orientación.

De haber alumnado que permaneza un ano máis no mesmo curso seguiranse as indicacións establecidas no artigo 50 da ORDE do 8 de setembro de 2021 (de atención á diversidade) en relación ao preceptivo plan específico de reforzo, que ten como obxectivo atender e superar as dificultades que levaron a esa repetición.

Alumnado inmigrante con descoñecemento da lingua, tanto de incorporación ao inicio como ao longo do curso: se é necesario solicitarase levar a cabo a valoración polo Departamento de Orientación para determinar o nivel curricular

e adoptar as medidas adecuadas. Se non se precisa esa valoración traballarase na comunicación utilizando os medios tecnolóxicos dispoñibles (tradutores,...)e facendo máis fincapé nas imaxes e na mímica.

Dependendo da casuística do alumnado cómpre ter en conta diferentes consideracións á hora de traballar, tales como: emprego de grafías de maior tamaño (maiúscula e minúscula), priorización dalgunha das linguaxes ou formas de comunicación (oral, escrita, visual ou táctil).

### 7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3
ET.1 - Comprensión lectora	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita	X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual	X	X	X
ET.4 - Competencia dixital	X	X	X
ET.5 - Fomento da creatividade, espírito científico e de emprendemento	X	X	X
ET.6 - Igualdade entre homes e mulleres	X	X	X
ET.7 - Educación para a paz e prevención e resolución pacífica de conflitos	X	X	X
ET.8 - Educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sostible	X	X	X
ET.9 - Educación para a saúde	X	X	X

#### Observacións:

Todos os elementos transversais están presentes nas distintas UD aínda que algúns deles teñan un tratamento especial (o nº 6 e o 7) no 2º trimestre a través das conmemoracións do Día Internacional da Muller e do Día da Paz.

### 7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Celebracións no Centro	Participar nas actividades organizadas para todo o centro.	X	X	X
Saídas	Participar nas saídas organizadas polo Ciclo.	X	X	X
Casa da Cultura	Segundo a actividade.	X	X	X

#### Observacións:



- Participar nas celebracións de festas populares co Centro (Magosto, Entroido, Samaín, Maios. . .) e nas efemérides programadas polo equipo de Actividades Complementarias e Extraescolares en colaboración co Equipo da Biblioteca e o Equipo de Dinamización da Lingua Galega (Día da Paz, Día contra a violencia de xénero, Día do Libro...)
- Viaxes culturais e visitas que se organizarán o longo do curso en función dos proxectos traballados e dos propios intereses dos nenos e nenas. Realizarase como mínimo unha saída trimestral.
- Acudir á Casa da Cultura para presenciar os actos culturais que se nos ofrezan.

### 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

<b>Indicadores de logro</b>		
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico		
Distribución de tempos (cumpriuse a temporalización...), recursos e espazos. PD.	Impartición de máis do 80% da materia.	Revisión trimestral da Planificación das tarefas.
Metodoloxía empregada		
Adecuación dos obxectivos, contidos e metodoloxía ás características do grupo.		
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos		
Aproveitamento dos recursos e espazos.		
Medidas de atención á diversidade		
Atención á diversidade.		
Clima de traballo na aula		
Ambiente de traballo e participación.	Participación de todo o alumnado.	
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais		
Organización e coordinación de ciclo. familias.	Implicación do profesorado. Transmisión de información ao persoal docente titor.	Implicación das

#### Descrición:

Nas sesións de avaliación valoraranse todos estes indicadores.  
Estes indicadores poderán variar en función do que se decida na Comisión de Coordinación Pedagóxica do Centro.

### 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Ao remate de cada trimestre revisarase a PD no apartado correspondente do Proens, nas Reunións de Coordinación de Ciclo e nas Sesións de Avaliación.  
Nestas reunións recolleranse as distintas Propostas de Mellora e Observacións sobre a PD, que permitan adecuar a programación ás necesidades que vaian xurdindo na aula.  
Posto que unha programación de aula debe ser aberta e flexible, este documento recolle unha proposta organizativa que poderá sufrir modificacións co fin de atender aos intereses e necesidades xurdidas na aula durante a súa aplicación.

## 9. Outros apartados